



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E OITO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE.-

No Salón de Sesiões do Centro Sociocultural do Concello de Barreiros, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte, baixo a presidencia da Alcaldesa Ana Belén Ermida Igrexas, e coa asistencia das/os Concelleiras/os, Antonio Veiga Outeiro, Montserrat Porteiro Sanchez, Dámaso Ratoeira Basanta, Daniel García Fernández, María Carmen Veiga Rodríguez, Jose Alfonso Fuente Parga, José Manuel Gómez Puente, Lorenzo Penabad Bolaño e María del Mar Sante García, excusando a súa ausencia o concelleiro Alvaro Daniel Navia Ferreyra, constituíuse o Pleno da Corporación, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, actuando como Secretaria, Dona Begoña Teijeiro Campo, que comproba a existencia de quórum de asistencia precisa para que poida iniciarse a sesión, que é pública, e se abre pola Presidencia, quen, inicia o desenvolvemento dos asuntos que conforman a orde do día, que son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta do pleno extraordinario do 28 de xullo.**
- 2.- Dar conta das Resolucións de alcaldía e das Xuntas de Goberno Local aprobadas a partir do 27 de xullo de 2020 (poden consultarse nos libros correspondente no Gestiona).**
- 3.- Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2019.**
- 4.- Aprobación do traslado ós usuarios da bonificación aplicada por SOGAMA no ano 2020.**
- 5.- Aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2020.**
- 6.- Aprobación de solicitude de acceso ó fondo de cooperación do Insituto Galego da Vivenda e Solo para financiación de rehabilitación e conservación de edificios municipais.**
- 7.- Mocións de urxencia.**
- 8.- Rogos e preguntas.**

1.- APROBACIÓN DA ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DE 27 DE XULLO.

A alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á Acta da sesión anterior, que se facilitou coa convocatoria.

Procédese á votación de carácter ordinario verbo da aprobación da acta, resultando aprobada por unanimidade.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL APROBADAS A PARTIR DO 27 DE XULLO DE 2020.

Dase conta de todas as Resolucións e Xuntas de Goberno Local que se aprobaron a partir do 27 de xullo de 2020 e ás que os concelleiros poden acceder a través do Gestiona de forma directa.

3.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019.

Unha vez sometida ao Ditame favorable da Comisión Especial de Contas o 15 de xuño de 2020 e exposta ao público durante o prazo de quince días hábiles a contar





dende a súa publicación no BOP do 27 de xuño de 2020 e non presentándose reclamacións, reparos ou observacións durante ese prazo e oito días máis, corresponde sometela a aprobación do pleno, realizándose a seguinte proposta da acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2019, cuxo resumen é o seguinte:

A) Dereitos pendentes de cobro e Obrigas pendentes de pago a 31 de decembro:

Practicase a súa determinación conforme ó disposto no artigo 193 bis do TRLRFL.

Os Ingresos pendentes de cobro minoranse na contía daqueles dereitos que a fin de exercizo sexan de difícil ou imposible recadación, os denominados “dereitos de dudoso cobro”, de acordo coas novas directrices aprobadas na lei de racionalización e sostenibilidade da administración local.

a) Os dereitos pendentes de cobro liquidados dentro dos orzamentos dos dous exercicios anteriores ó que corresponde a liquidación, serían nun 25% de dudoso cobro. Polo tanto, os dereitos pendentes de cobro dos exercicios 2017 e 2018 ascenden a 345.183,24 €, dos que un 25% serían 86.295,81

b) Os liquidados dentro dos orzamentos do exercicio terceiro anterior ó que corresponde a liquidación, considéranse de dudoso cobro nun 50%. Os dereitos pendentes de cobro do exercicio 2016 ascenden a 113.566,70 €, dos que un 50% serían 56.783,35 €.

c) Os liquidados dentro dos orzamentos dos exercicios cuarto a quinto anteriores ó que corresponde a liquidación, serían de dudoso cobro nun 75%. Os dereitos pendentes de cobro dos exercicios 2014 e 2015 ascenden a 81.041,26 €, dos que un 75% serían 60.780,95 €

d) Os dos restantes exercicios anteriores ó que corresponde a liquidación, minoraránse nun 100 por cen, o que suporía unha cantidade de 418.775,78 € de dereitos de dudoso cobro.

Polo tanto o importe destes dereitos de dudoso cobro que se recollen na liquidación do presuposto do 2019 ascenden a **622.635,89 €.**

En calquera caso, a consideración dun dereito como de difícil ou imposible recadación non implicará a súa anulación nin producirá a súa baixa en contas.

B) Resultado orzamentario do exercicio:

Pretende revelar en qué medida os ingresos correntes foron suficientes para financiar as obrigas recoñecidas no exercicio. Como a simple diferenza entre dereitos e obrigas non ofrece exactamente ese dato, débese axustar efectuando os cálculos relativos ás desviacións de financiación nos proxectos de gastos con financiación afectada así como as obrigas recoñecidas con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Expresión	Dereitos recoñecidos netos (C1)	Obrigas recoñecidas netas (C2)	Resultado Orzamentario (C3)
- Operacións correntes	3.854.864,92	3.492.924,72	
- Outras operacións non financeiras	462.088,35	595.007,74	





1. Total operacións non financeiras (a+b)	4.316.953,27	4.087.932,46	208.691,54
2. Activos financeiros			
3. Pasivos financeiros	569,98	347.122,20	
Resultado Orzamentario do exercicio (C1-C2)	4.317523,25	4.435.054,66	-117.531,41
Axustes:			
(+) Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos xerais	446.506,11		
(-) Desviacións positivas de financiación		-361.495,12	
(+) Desviacións negativas de financiación			
(=) Resultado orzamentario axustado			-32.520,42

Os axustes refírense ós gastos incorporados ó orzamento do exercicio 2019 que son ingresos que se recoñeceron no exercicio 2018 pero o gasto fíxose no 2019 e polo tanto serían uns maiores ingresos e o segundo axuste refírese ás desviacións positivas (ingresos que se recoñeceron no ano 2019 pero que se van facer no ano 2020 e polo tanto serían uns menores ingresos).

C) Remanente de tesorería:

Os fondos líquidos de tesorería están debidamente acreditados mediante a correspondente acta de arqueo xustificada cas certificacións de saldos bancarios a 31/12, por importe de **728.158,38 €**.

O remanente de tesorería resulta negativo:

EXPRESIÓN	EUROS
1.- (+) FONDOS LÍQUIDOS	728.051,59
2.- (+) DEREITOS PENDENTES DE COBRO	1.895.009,82
De Orzamento Corrente	780.261,52
De Orzamentos pechados	958.566,98
De operacións non orzamentarias	156.181,32
Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	
3.- (-) OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	1.425.831,25
De Orzamento corrente	178.726,90
De Orzamentos pechados	
De operacións non orzamentarias	1.247.104,35
Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva	
I.- Remanente de tesorería total (1+2-3)	1.197.230,16
(-) Saldo de dudoso cobro	622.635,89
(-) Exceso de financiación afectada	361.495,12
II.- Remanente de tesorería para gastos xerais	213.099,15
III.- Saldo de obrigas pendentes de aplicar ó orzamento a final do período (conta 413)	790.018,20
IV.- Remanente de tesorería para gastos xerais axustado	-576.919,05

D) Estabilidade Orzamentaria:





		Dereitos recoñecidos netos	Axustes*	Ingresos
1	IMPOSTOS DIRECTOS	1.467.616,36	-70.241,52	1.397.374,84
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	75.091,67	-12.848,44	62.243,23
3	TAXAS E PREZOS PUBLICOS	1.057.280,03	-2.440,45	1.054.839,58
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.248.347,37		1.248.347,37
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	6.529,49		6.529,49
6	ENAXENACIÓN INVERSIÓN REAIS			
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	462.088,35		462.088,35
		4.317.523,25	-85.530,41	4.231.992,84

*En Capítulos 1, 2 y 3 axustanse os ingresos en base á recaudación neta de correntes e pechados.

		Obrigas recoñecidas netas	Axustes*	Gastos
1	GASTOS DE PERSOAL	1.859.473,31		1.859.473,31
2	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	1.560.838,28	+158.567,77	1.719.406,05
3	GASTOS FINANCIEROS	33.224,05		33.224,05
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	39.389,08		39.389,08
6	INVERSIÓN REAIS	595.007,74	+91.435,07	686.442,81
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00		0,00
		4.087.932,46	+250.002,84	4.337.935,3

*En Capítulo 2 axustanse os gastos á alza pola conta 413, que tivo 659.044,01 € en gastos correntes e 130.974,19 € en gastos de capital, que son gastos de 2019 que non se puideron aprobar por falta de crédito ós que hai que restar os que xa se tiveron en conta na liquidación do 2018 e que se incorporaron ó orzamento do 2019: 500.476,24 € de gastos correntes e 39.539,12 € de gastos de capital. O resultado final deste axuste sería: 158.567,77 € de gastos correntes e 91.435,07 € de gastos de capital.

Polo tanto prodúcese un **resultado negativo de 105.942,46 €**, e habería que facer fronte ás gastos financeiros de 347.122,20 €, sendo o resultado final negativo en - 453.064,66 €.

E) Débeda Viva:

A débeda viva do Concello de Barreiros a 31 de decembro de 2019 ascende a **1.615.927,75 €**, o cal supón un **43,10 %** dos ingresos correntes liquidados no exercicio 2019 (3.748.898,45 €), polo que entra dentro do fixado pola lei ó ser inferior ó 75% dos ingresos correntes liquidados no exercicio.

F) Regla do Gasto:

	Liquidación 2018	Presupuesto inicial 2019	Liquidación 2019
Suma capítulos 1-7 de gasto (excepto 3)	4.737.577,46	3.689.116,54	4.054.708,41
AXUSTES			





Execución de avais	-468.319,88	-324.006	0
Gastos pendentes de aplicar ó orzamento	+76.967,84		+250.002,84
Gastos financiados polo Estado		-50.132,74	-1014,90
Gastos financiados pola Xunta	-740.072,27	-215.000	-599.139,48
Gastos financiados pola Deputacion	- 241.689,12	-21.000	-250.373,43
Gastos financiados por outras Administracións	-125.206,44	-122.000	-160.949,41
GASTO TOTAL	3.239.257,59	2.956.977,8	3.293.234,03

A normativa permite que o gasto derivado da liquidación do exercicio 2019 aumente un 2,7% en relación ó gasto derivado da liquidación do exercicio 2018, polo que o gasto total permitido segundo a regra do gasto para este exercicio sería de 3.123.265,86 €. Polo que o resultado é **negativo en - 169.968,17 €.**

G) Aforro Neto:

Fai referencia á capacidade de financiación do concello. Si fose negativo o concello precisaría de autorización autonómica para concertar operacións de crédito a longo prazo.

Ingresos correntes (Dereitos recoñecidos netos dos Capítulos I-V)	3.848.335,43	
Axustes	- (avais) 0	
	- (Subvencións) - 647.101,26	
	- (ingresos atípicos)	
(+) Ingresos correntes axustados	3.201.234,17	
Gastos correntes (obrigas recoñecidas netas dos capítulos I, II e IV)	3.459.700,67	
Axustes	+ (conta 413) +158.567,77	
	- (gastos afectados)- 647.101,26	
(-) Gastos correntes axustados	2.971.167,18	
(-) Anualidade teórica de amortización	347.122,2	
AFORRO NETO (NEGATIVO)	-1117.055,21	

H) Periodo Medio de Pago a provedores:

O PMP do concello neste ano 2019 foi de 47,80 no 1º trimestre, de 61,93 no 2º trimestre, de 101,72 no 3º trimestre e de 122,06 no 4º trimestre, o cal fai unha media anual de 83,37 días. Isto supón un exceso nunha media de 53,37 días con respecto ós 30 días fixados polo Ministerio. Tamén hai que resaltar a línea ascendente do retraso no pago que se seguiu durante este exercicio e que habería que tratar de reducir.”

SEGUNDO: Dar traslado da documentación correspondente ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Cuentas.”

No turno de debate producense as seguintes intervencións que se recollen de forma sucinta:





O voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, di que xa foi sometida a informe da Comisión Informativa e que solo quere recalcar que houbo unha mellora e redución do gasto na segunda metade do 2019 a costa de empeorar a prestación dos servizos municipais. Esa é unha decisión de goberno e non ten nada que decir.

A voceira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Carmen Veiga, di que está a favor de aprobar esta conta e que tamen está a favor da mellora na gestión que se fixo co novo equipo de goberno.

A alcaldesa di que non ten coñecemento de cales son os servizos que empeoraron ou desapareceron nese ano. Na realidade non se perdeu ningún servizo, quitando algúns derivados da propia situación que estamos a vivir neste ano 2020, pero non foi no anterior.

Sométese a votación e a proposta resulta aprobada por unanimidade.

4.- APROBACIÓN DO TRASLADO ÓS USUARIOS DA BONIFICACIÓN APLICADA POR SOGAMA NO ANO 2020.

Dase conta da proposta de alcaldía que literalmente di:

“A disposición adicional 21 da Lei 11/2013 de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, establece que o sistema promovido pola administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado por SOGAMA, constitúe un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade e interese xeral é a de conseguir o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos, buscando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.

O punto 2 desa disposición fixou o canon unitario de tratamento por tonelada de residuos que deberá percibir SOGAMA e sinala que se actualizará anualmente no mes de xaneiro conforme o IPC e se publicará a súa contía no DOG.

No punto tres bis desa disposición regula que, cando circunstancias económicas da sociedade así o permitan, poderá establecerse unha bonificación na contía do canon unitario de tratamento por tonelada nunha porcentaxe que non exceda do 10% da cantidade que en concepto de canon estea vixente no ano inmediatamente anterior.

Dándose estas circunstancias, o 23 de xaneiro de 2020 publicase no DOG a resolución da Consellería de Medio ambiente, territorio e Vivenda, establecendo o canon bonificado en 62,93 €. Este canon será aplicable ás entidades locais que así o soliciten ou as que o teñan solicitado do ano 2019 e cumplan os requisitos, como é o caso do concello de Barreiros.

Polo tanto, este concello en base ó compromiso adoptado no ano 2019, comprométese a adoptar as medidas necesarias para trasladar, con efectos económicos do 1 de xaneiro, o importe equivalente ó de dita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo.

A secretaria-interventora no seu informe do 18 de setembro fixo un cálculo do que esa bonificación suporía anualmente para o concello, basándose nas liquidacións presentadas ata este mes de setembro por SOGAMA e facendo unha extrapolación para os meses restantes, sendo para este ano 2020 é similar á do ano 2019, cun total de 1.750 TM.





A bonificación aplicada supón unha contía de 6,90 € por cada TM, polo que aplicandoa ás TM estimadas suporía unha **contía anual de 12.075 €**, que debería descontarse ós beneficiarios do servizo, cumprindo así co compromiso asumido ante SOGAMA.

Para isto, búscase a fórmula que sexa máis fácil de aplicar por parte do concello e que implique un menor número de trámites e de modificacións na operativa normal do servizo.

Estímase así que a mellor forma é que o pleno acorde aplicar o desconto que corresponda a cada usuario no próximo recibo que se emita dentro deste ano 2020, como xa se fixo no ano 2019, xa que así co cambio nun so dos recibos xa se aplicaríase a totalidade da bonificación ós particulares.

Neste sentido, debemos ter en conta que a contía a descontar en total, entre todos os usuarios é de 12.045 € e segundo os cálculos actuais, contamos cuns 4700 usuarios do servizo de recollida de lixo. Isto supón que a cada un deles lle corresponde un aforro anual de 2,50 €, que se aplicaríase este ano.

En resumo, **descontando 2,50 €** do próximo recibo do servizo de recollida de lixo de cada usuario, cumprírase coa obriga imposta por SOGAMA para a aplicación da bonificación do 10% no canon de tratamento.

Tendo isto en conta PROPONSE Ó PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Descontar 2,5 € a cada usuario do servizo de recollida de lixo no proximo recibo que se emita por este concepto.

SEGUNDO.- Notificarlle este acordo á empresa Aqualia para que o leve a efecto na próxima facturación que emita, así como ó departamento de intervención para que o aplique tamén a aqueles recibos que non son facturados por SOGAMA e para que o recolla na contabilidade municipal."

No turno de debate o voceiro do PP, Alfonso Fuente, di que xa se fixo o ano pasado e é algo que beneficia a todos os veciños.

A voceira do PSdeG-PSOE, Carmen Veiga tamen mostra a súa conformidade coa aprobación desta proposta.

Sométese a votación e resulta aprobada por unanimidade.

5.- APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITO 3/2020.

Dase conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

"Visto o informe da Secretaria-Interventora emitido o 22 de setembro de 2020 en relación ó recoñecemento extrajudicial dunha serie de gastos realizados no exercicio 2019 pero que non chegaron a aprobarse e polo tanto teñen que ser aprobadas mediante recoñecemento extrajudicial.





Tendo en conta que as prestacións ás que se refiren estes gastos foron efectivamente realizados e están xustificadas e suporía un enriquecemento inxusto para a Administración non abonalos.

Considerando que nestes momentos existe crédito adecuado e suficiente no orzamento para facer fronte a estes gastos,

PROPONSE Ó PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito dos gastos que se conteñen na relación adxunta e que ascenden a un total de **164.599,25 €**, con cargo as partidas que correspondan do orzamento prorrogado para o exercicio 2020, considerando as bolsas de vinculación existentes.

terceiro	concepto	data factura	importe	partida
Aqualia	recibos	20/11/2019	2468,44	161.210
			12.712,	
Aqualia	recibos	20/11/2019	94	161.210
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	31/07/2019	20865,1	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	31/08/2019	20865,1	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	01/07/2019	5953,2	1.621.227
Servicios dos concellos galegos	recollida de lixo	01/07/2019	12947,3	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	01/07/2019	20865,1	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	01/07/2019	6	1.621.227
Servicios dos Concellos Galegos	recollida de lixo	31/05/2019	20865,1	1.621.227
	facturación		32616,5	
Regsiti/Viesgo enerxía	luz	setembro	3	varias
Construccionen Isidro Otero, SL	batcheos	10/06/2019	10158,6	453.619
Construccionen Isidro Otero, SL	batcheos	13/06/2019	8	453.619
			4281,51	
			164599,25	

SEGUNDO.- Aprobar o plan de pagos seguinte para poder facer fronte a estes pagos coa liquidez que permiten as contas correntes municipais.

	Outubro	Novembro	decembro
	32.616,53	32.616,5	
luz	3		
	15.181,38	15.181,3	
Aqualia	8		
	102.361,1	26.818,3	
lixo	5	6	41.730,32
C. Isidro			33.812,47
Otero	14.440,19	4.281,51	10.158,68





164.599,	78.897,7		
25	8	51.889	33.812,47"

Sométese a aprobación a proposta e resulta aprobada por unanimidade.

6.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE ACCESO Ó FONDO DE COOPERACIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA FINANCIACIÓN DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.

Dase conta da proposta da alcaldía que literalmente di:

O Instituto Galego de Vivenda e Solo, a través da Resolución de 26 de xuño de 2020 convoca o acceso ó Fondo de Cooperación para o apoio ó financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en Concellos de menos de 50.000 habitantes.

As actuacións que se poden financiar con cargo a este Fondo de Cooperación son aquelas de rehabilitación e rexeneración urbanas realizadas polo concello dentro das políticas municipais en materia de conservación e recuperación do patrimonio construído.

Non se trata dunha subvención nin unha axuda, si non dun préstamo sin xuros, a devolver en 8 anos como máximo, tendo que amortizar en cada anualidade un importe non inferior ó 10% do importe total transferido. As actuacións teñen que estar realizadas un prazo máximo de catro anos.

Tendo en conta esta opción, o concello plantexase realizar unha reforma importante en dous edificios municipais que son centrais pola súa ubicación e que nestes momentos están totalmente infrutilizados polo seu estado de deterioro que se, cunha rehabilitación axeitada se poderían destinar á mellora da prestación dos servizos básicos ós veciños e veciñas e tamén a proxectos básicos para o tecido social do concello.

Os edificios que se pretenden rehabilitar con este financiamento son:

- por unha parte o edificio situado a carón da casa do concello, co fin de destinalo a arquivo municipal e tamén a local multiusos para diversos fins culturais e sociais, para os que non existen locais similares no centro de San Cosme, ademais de mellorar a imaxe e a utilidade deste edificio ubicado na mesma praza do concello e que forma parte dun conxunto arquitectónico xunto coa propia Casa do Concello e o edificio anexo adicado a servizos sociais na súa maioría.

A rehabilitación deste edificio está valorada pola técnico municipal en 200.592,15 € (custo total).

- por outra banda, un edificio tamén situado en San Cosme de Barreiros, como é o Teleclub, que actualmente se atopa nun estado de abandono e deterioro importante e que, dada a súa ubicación podería axudar a dinamizar moito a vida social desta parroquia, mediante o seu uso por parte do tecido asociativo do concello e tamén como posible viveiro de emprendedores no concello.

A rehabilitación íntegra do edificio está valorada pola técnico municipal en 513.235,85 € (custo total).





Polo tanto, e tendo en conta as condicións establecidas na Resolución do Instituto Galego de Vivenda e Solo e o informado pola secretaria-interventora no que respecta á sostibilidade financeira do concello, **PROPONSE Ó PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Solicitar ó Instituto Galego de Vivenda e Solo o acceso ó Fondo de Cooperación, para as seguintes actuacións de rehabilitación e rexeneración urbanas co fin de conservar e recuperar para o uso público o patrimonio construído neste concello (realizando unha solicitude por cada actuación prevista):

- Rehabilitación do Edificio do Teleclub municipal de San Cosme de Barreiros, cun importe total de 513.235,85 €. Esta actuación realizarase conforme á Memoria elaborada pola técnico municipal. O prazo de reposición será de oito anos coa seguinte táboa de amortización:

- ano 2021: 52.000 €
- ano 2022: 52.000 €
- ano 2023: 68.000 €
- ano 2024: 68.000 €
- ano 2025: 68.000 €
- ano 2026: 68.000 €
- ano 2027: 68.000 €
- ano 2028: 69.235,85 €

- Rehabilitación do Edificio situado ó carón do Concello, na praza do Concello en San Cosme de Barreiros, cun importe de 200.592,15 €. Esta actuación realizarase conforme á Memoria elaborada pola técnico municipal. O prazo de reposición será de oito anos coa seguinte táboa de amortización:

- ano 2021: 21.000 €
- ano 2022: 21.000 €
- ano 2023: 25.000 €
- ano 2024: 25.000 €
- ano 2025: 25.000 €
- ano 2026: 25.000 €
- ano 2027: 25.000 €
- ano 2028: 33.592,15 €

SEGUNDO.- Xustificar a proposta do prazo de reposición, así como as contías previstas de amortización para cada ano, tendo en conta que se respecte a amortización do 10% anual da contía financiada e tratando de que dita contía non poña en perigo a senda de recuperación económica que está iniciando este concello, despois duns malos resultados orzamentarios de anos anteriores. Polo tanto propónse o pago da contía mínima posible, nun primeiro momento, coa intención de poder amortizar de forma anticipada unha contía maior si as circunstancias o permitisen. Hai que ter en conta que no ano 2023 o concello cancelará a débeda actual e polo tanto, considérase perfectamente viable o cumprimento destas contías e prazos, sin afectar á estabilidade orzamentaria nin á porcentaxe máxima de débeda do concello segundo os seus ingresos.





TERCEIRO.- Comprometermos a permitir a compensación e retención das achegas vencidas ou non ingresadas con cargo ó Fondo de Cooperación Local, para o caso de que non se reintegren as contías nos prazos previstos neste acordo e no posterior convenio de financiamento. En calquera caso, as contías a amortizar anualmente son inferiores ás que se perciben da Xunta de Galicia con cargo ó Fondo de Cooperación Local, polo que nunca haberá problema para facer esta compensación.

CUARTO.- Comprometermos a incluír nos orzamentos dos exercicios seguintes, con cargo ós ingresos correntes, os importes das anualidades previstas neste acordo e que se inclúan no correspondente convenio de financiamento.

QUINTO.- Comprometermos a non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera concepto puidese deberlles a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ó sector público.

SEXTO.- Comprometermos a destinar as contías que se financien por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo á executar as actuacións indicadas, conforme ás memorias elaboradas para cada unha das actuacións.

SÉTIMO.- Certificar que as actuacións para as que se solicita o acceso a este Fondo non están iniciadas a data de hoxe (como consta na reportaxe fotográfica que figura na Memoria técnica) e que os dous inmobles son de titularidade municipal con plenos dereitos e dispoñibilidade sobre os mesmos.

OITAVO.- Habilitar á alcaldesa para a sinatura dos convenios de colaboración e demais trámites que sexan precisos para facer efectivo este acordo.”

No turno de debate prodúcense as seguintes intervencións que se recollen de forma sucinta:

A alcaldesa explica que isto supón que durante os dous primeiros anos vai coincidir cos anos que restan de amortización da débeda existente polo que vai supoñer un esforzo para o concello pero considérase suficientemente importante para facer este esforzo.

É posible acudir a esta vía pola mellora na situación económica do concello durante este ano 2020. Entraría dentro da prudencia financeira e sería para devolver en 8 anos (2021-2028).

O voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, di que van votar a favor xa que é interesante poder rehabilitar eses dous edificios.

O problema é que nos próximos dous anos os investimentos, quitando estas rehabilitacións, van ser casi inexistentes.

Considera que debemos ser cautos, si a situación económica do concello era tan mala, como se fixo chegar á veciñanza. Non sería tan mala a situación si xa se conseguiu mellorar tanto.

Oxalá chegue esta financiación e se podan arranxar estes inmobles.





A voceira do grupo PSdeG-PSOE, Carmen Veiga, di que lle gusta moito esta proposta como unha forma de dinamizar o pobo e poder axudar a empresas e autónomos. Tamén é moi positivo poder ir mellorando as dependencias municipais. O que está claro é que para facer cousas hai que buscar sistemas de financiación.

A alcaldesa di que nos proximos dous anos vaise axustar o orzamento pero non significa que non se poda facer nada.

Deste ano, do investimento uns 110.000 € correspondíanse con gastos do ano 2019, polo que aínda metendo este investimento novo sería menos que o que xa houbo que aprobar este ano do que quedaba pendente.

Vostede mesmo dixo no anterior pleno que para facer cousas hai que endebedarse. No ano 2019 non teríamos esta opción e agora sí, non porque a situación fose boa, si non porque se conseguiu reconducir o gasto e mellorar a situación económica do concello en apenas ano e medio.

Sométese a votación e resulta aprobada a proposta por unanimidade.

7.- MOCIÓNS DE URXENCIA.

Non hai.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do grupo municipal do PP, Alfonso Fuente, fai as seguintes preguntas e rogos:

- Felicitarnos por ter superado os 3.000 habitantes. A razón de que aquí se incrementase tanto a poboación este ano foi porque tiñamos moitas segundas residencias e a xente aproveitou para virse para aquí doutros concellos. Oxalá sigan aumentando e moitas mais segundas residencias que convirtan en primeiras residencias.

- ¿fíxose algo co lavadero de San Pedro de Benquerencia.

A alcaldesa di que non.

- ¿Vaise instalar a calefacción nos Colexios Vello de San Miguel?

A alcaldesa di que sí que está previsto.

- ¿Vanse abrir os albergues po ano que ven? Este ano xa houbo algúns que abriron.

A alcaldesa di que en Gondán aínda se acabou o traballo que quedou pendente do Obradoiro. Tampouco tiña un funcionamento normal e habitual como albergue. Vanse facer xestións a ver si se poden xestionar de forma pública e transparente pero agora mesmo non é o momento. A idea é reunirmos coa Xunta e ver que posibilidades hai porque se prevé que nesta situación o gasto fose a ser moi superior ó que resultaría de forma ordinaria. Non lle pode adiantar máis porque planificar a medio ou longo prazo nesta situación é difícil.

- ¿Vaise reparar o camión motobomba?

A alcaldesa di que non ten arreglo, xa chegou ó seu fin. Estanse facendo xestións para conseguir outro camión. Pedirase á Xunta.





- ¿Por qué non se montou o placo de baile po Arco da Vella?

O concelleiro de cultura, Daniel Garcia, di que non o solicitaron.

- Este ano deronnos tres bandeiras azuis pero so se izaron dúas ¿qué pasou?

A alcaldesa di que solo se izaron as dúas que tiñan todos os servizos. Non se considerou prudente izar as que non se podían cumprir. Este ano solo nos deron subvención para 6 socorristas.

- ¿porqué abre a Escola Infantil 15 días máis tarde que as da Xunta?

A alcaldesa di que se tiveron que facer obras e un protocolo propio para asegurar a seguridade do servizo. Abriuse o día que se anunciou.

- ¿vanse facer investimentos nos colexios?

A alcaldesa di que ós concellos correspóndelles ó mantemento dos colexios pero os investimentos son competencia da Xunta e teranos que xestionar ante a Xunta.

- ¿cal foi o custe das actuacións culturais que se fixeron este ano?

A alcaldesa di que parte foron financiadas con subvencións da Xunta e da Deputación. Están dentro das previsións orzamentarias, non nos excedemos do presupuestado.

- ¿fixose algún convenio con algunha escola de surf?

A alcaldesa di que polo de pronto non.

- ¿Cómo se explica logo que a motobomba municipal estivese axudando a unha escola de surf?.

A alcaldesa di que coa motoboma échense os depósitos de ganderías, fanse desatascos en tuberías particulares e moitas máis actuacións de forma gratuíta. Non se perxudica a ninguén.

Alfonso Fuente di que cando non hai servizos obligatorios ou se trata de reparacións na propia rede de saneamento é normal pero no caso da escola de surf non había ningunha urxencia.

A alcaldesa di que, dende o concello o que se fai é para todos os que o demanden. Si considera que hai algunha irregularidade debería denuncialo onde proceda.

- ¿Vanse facer actividades deportivas para os nenos?

A alcaldesa di que están a espera dos diversos protocolos e tamen se vai contratar a un/unha técnico/a deportivo.

- ¿Vaise sacar algunha liña de axudas ó sector empresarial?

A alcaldesa di que iso xa se contestou noutro pleno. Non temos competencias para esto, serían competencias impropias.

Alfonso Fuente di que as competencias serán iguais para todos os concellos e hai moitos que están sacando estas axudas, débeno estar facendo mal, logo.

A alcaldesa di que a situación de cada concello pode ser moi distinta.

Alfonso Fuente di que non comparte esta consideración.

- ¿porqué se están facendo riegos asfálticos en lugar de aglomerados? Eso é volver atrás.

A alcaldesa di que atendemos ó criterio técnico dos redactores dos proxectos. É moi bonito botar aglomerado nunha vía onde hai unha tubería que reventa e hai que arranxala co conseguinte custe. Trátase de cumprir coas necesidades e diferenciar





vías de alto uso e de menos uso. Non se entra nunca a ver quen usas esas vías. O sistema vai ser un ou outro según as circunstancias o aconsellen.

- ¿quen decidiu qué pistas se arranxan?

A alcaldesa di que foi o equipo de goberno.

Alfonso Fuente di que fai uns días a xente lle decía que se arreglaron as carreteras que pasaban cerca das casas de xente afín ó BNG. Esto era unha cousa que se nos botaba a nos en cara antes.

- ¿Cando se fixeron as lecturas dos recibos da auga?

A alcaldesa di que Aqualia realizou as lecturas de forma normal, salvo no confinamento estricto. Atrasouse a emisión dos recibos ata que se acabou o confinamento.

- Si a lectura non se fai nas datas que corresponde o consumo pode ser maior e pagar máis no recibo cando en realidade se consumiu o mesmo.

A alcaldesa di que os recibos xa se emitiron e que non houbo queixas, pero si hai algunha xa se solucionará.

- ¿Cantos despachos hai para cargos políticos?

A alcaldesa dice que hai tres.

- ¿Qué carreteras que incluíron no PEIM?

A alcaldesa di que xa están adxudicadas. Son todas na parroquia de San Pedro de Benquerencia.

- ¿Hai unha subvención de 20.000 € da Xunta para gastos nas praias polo covid-19?

A alcaldesa di que sí, pero o gasto é moito maior.

- ¿Tamen hai unha subvención da Xunta para unha actuación en villamartín Grande?

A alcaldesa di que xa se está executando, ten que estar rematada antes do 15 de novembro.

- O Obradoiro que se está a facer co concello de Ribadeo, ¿cantas prazas lle correspondían a Barreiros?

A alcaldesa di que a Barreiros lle correspondían 5.

- ¿hai un gasto para compra de sillas e mobiliario para o salón de plenos de 6.000 €?

A alcaldesa di que non sabe a contía exacta.

- Saliu en prensa unha noticia sobre as obras da mellora da captación no rio Masma.

A alcaldesa di que as obras as adxudicou e as executou directamente Augas de Galicia. Xa era unha solicitude que estaba feita do anterior goberno.

Alfonso Fuente di que sí, que a memoria se fixo no 2018 e se aprobou pola Xunta no 2019. Son obras solicitadas polo goberno anterior e que complementan as realizadas na ETAP de Celeiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, dase por rematada a sesión, e levántase, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día sinalado.

E para constancia do que se tratou e dos acordos que se adoptaron, estendo a presente acta, que asina a alcaldía e que eu, Secretaria, certifico coa miña sinatura,





CONCELLO DE BARREIROS (LUGO)

C.I.F. P-2700500 H - C/ Villa, 63.- SAN COSME - 27790 - Telef. 982 12 40 02 - Fax 982 12 41 10

en Barreiros, o 28 de setembro de dous mil vinte.-

Vº e Pr.
A ALCALDESA

A SECRETARIA

